

PROTOCOLO COVID PARA ESCOLARES*

Dámosche a benvida a un espazo seguro.

Informámoste de que contamos cun protocolo de seguridade fronte ao COVID-19 nos nosos espazos, seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias, para garantir a protección de persoas usuarias, cadro de persoal e empresas concorrentes.

MEDIDAS PREVIO ACCESO AOS NOSOS ESPAZOS

- O colexio deberá avisar a Afundación no caso de xurdir algún caso de COVID-19 confirmado entre o grupo de estudantes asistentes.
- Non se poderá acceder ao centro se o alumnado presenta síntomas compatibles co virus (tose seca, febre, insuficiencia respiratoria, etc.)
- Non se poderá acceder se houbo algunha persoa contaxiada nos últimos 14 días.
- Nin se alguén está en corentena por padecer o COVID-19.
- Ou se alguén estivo nos últimos 14 días en zonas de alta taxa epidemiolóxica.

MEDIDAS DE ACCESO AOS NOSOS ESPAZOS

- **Máscara homologada de uso obrigatorio** durante todo o tempo de estancia no noso centro. O profesorado farase responsable do seu uso adecuado.
- O alumnado levará un estoxo cunha **máscara de reposto** por se se humedece ou se deteriora.
- O profesorado é responsable de explicar ao alumnado unha correcta **etiqueta respiratoria** antes de comezar a representación (ao toser ou esbirrar deben cubrir a boca co cóbado flexionado, evitar fregar os ollos e o nariz, etc.)
- **Desinfección de mans** obrigatoria con xel hidroalcolico.
- Uso de alfombras desinfectantes.
- Capacidade limitada segundo as restricións recomendadas en cada momento.
- Apertura de varios accesos e saídas para evitar aglomeracións.
- O alumnado respectará a porta de acceso que lle asignemos, e o horario de acceso programado.
- Cita previa e horarios escalonados por grupos.
- É moi importante a **puntualidade** para evitar o paso continuado de nenas e nenos polas fileiras do Teatro. No caso de chegar tarde, non se poderá acceder ao espectáculo.
- Reforzo de limpeza e desinfección en todas as nosas actividades, e insistencia na renovación do aire.
- Presenza mínima dun docente por cada 25 estudantes en grupos de 3º de primaria e superiores; e dous docentes por cada 25 estudantes para acompañar grupos de infantil, 1º e 2º de primaria.
- Evitarase na medida do posible abandonar os asentos unha vez comece o espectáculo

e ata o remate do mesmo. Así coma intercambialos. Deberase respectar a fileira e o número asignado polo noso persoal.

- Non se permite acceder con bebidas, comida, etc. nin comer ou beber dentro do recinto.
- Calquera residuo con restos biolóxicos coma panos de papel, papel desbotable, máscaras, luvas, etc. deberá botarse nas papeleiras con tampa e pedal, habilitadas a tal efecto.
- As mochilas e abrigos permanecerán en todo momento co alumno ou alumna, non podendo deixarse noutras cadeiras ou amontoados.
- Respectarase a distancia de seguridade interpersoal no acceso ás instalacións.
- O acceso aos aseos realizarase respectando a capacidade permitida.
- Priorizarase o uso das escaleiras fronte aos ascensores. No caso de resultar indispensable o seu uso, limitarase a unha única persoa, salvo quen teña necesidades especiais, que poderá acceder con acompañante.

Sigue en todo momento as indicacións do noso persoal para ocupar os asentos e ao finalizar a función.

*Estas condicións revisaranse de maneira previa ao desenvolvemento da actividade para adaptalas de maneira completa ás indicacións ditadas polas autoridades correspondentes en cada momento e lugar.